

Ana Ornilla Guillamón, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,

Certifica:

Que na sesión autoconstitutiva celebrada o día 8 de abril adoptouse o seguinte acordo:

“Punto 3º.- Aprobación, se procede, da proposta de Ditame sobre o asesoramento solicitado pola Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, elaborada pola área Institucional.

Vista a proposta de Ditame sobre o asesoramento solicitado pola Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, elaborada pola área Institucional, o Pleno acorda por unanimidade a súa aprobación e tamén acorda lle sexa remitido ao solicitante da consulta. A tal efecto, xúntase o ditame como anexo I.


ANEXO I

BORRADOR DE PROPOSTA DE DITAME SOBRE O ASESORAMENTO SOLICITADO POLA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVIGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APROBACIÓN DO PLENO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, en virtude do acordo do Pleno adoptado o 21 de outubro de 2021, formulou unha petición de consulta ao Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia en relación á obrigatoriedade de remisión telemática ao Consello de Contas dos convenios e contratos formalizados pola Cámara de Comercio de Santiago.

1. ANTECEDENTES

1.1. A consulta tivo entrada a través da sede electrónica do Consello de Contas de Galicia o 4.02.2022 (Registro núm. 2022-E-RE-197). No escrito remitido concrétese a solicitude de asesoramento nos seguintes termos:



Solicita ao conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia que tendo por presentado este escrito, xunto cos documentos que o acompañan, teña por presentada a presente consulta de conformidade cos artigos 67 a 69 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia (DOG núm. 46, do 7.3.2017) e que á vista do informe da Avogacía do Estado e demais alegacións formuladas, se pronuncie sobre a cuestión formulada no sentido da non obrigatoriedade de remisión por parte desta entidade e, subsidiariamente, no caso de que se estimase que si existe obrigatoriedade, se nos indique se en todo caso, a referencia aos convenios subscritos na anualidade 2020, refírese a aqueles que contén con financiamento público, así como se deba adxuntarse o documento integro ou simplemente unha relación deles.

De igual forma, respecto dos contratos realizados no marco da contratación pública, no caso de resultar obrigatoria a comunicación, solicítase aclaración respecto da información a facilitar con indicación de se resultaría suficiente para o cumprimento do trámite remitir o enlace ao noso perfil del contratante.

1.2. O escrito remitido inclúe o parecer da Cámara sobre a cuestión consultada, que se reproduce a continuación, e apoíase nos argumentos ofrecidos nun informe da Avogacía Xeral do Estado sobre o réxime de contratación da Cámara de Comercio de España que se acompaña coa consulta:

Dada precisamente a súa natureza xurídica e o feito de que a creación destas entidades ten unha finalidade claramente mercantil ou industrial, a Avogacía Xeral do Estado- Servizo Xurídico do Estado emitiu un informe (o cal se adxunta) no que se conclúe que as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, e por ende, a de Santiago, non teñen a consideración de poderes adjudicadores e polo tanto, non aplicarán, na súa actividade contractual, procedementos que garanten os principios de publicidade, transparencia e non discriminación aínda que, por razóns de prudencia se aconselle a aplicación dos ditos principios.

Á vista do informe anteriormente indicado, do cal damos por reproducidos os seus argumentos, entende esta entidade, que a obrigatoriedade de remisión dos contratos e convenios formalizados por este organismo ao Consello de Contas de Galicia, non lle resulta de aplicación.

1.3. De conformidade co artigo 2.1. d) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, as Cámaras de Comercio, Industria, Servizos e Navegación están incluídas no ámbito de actuación do Consello de Contas de Galicia.

O artigo 4 da devandita Lei recolle entre as funcións do Consello de Contas a emisión de ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no punto 1 do artigo 2.

A Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela ten lexitimación para formular a consulta ao atoparse entre as entidades incluídas no dito precepto.

1.4. A solicitude de asesoramento cumpre cos seguintes requisitos esixidos para formular a consulta previstos no artigo 68 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas:

- A petición de consulta remitiuse ao Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia e acordouse polo Pleno da Cámara que é o órgano supremo de goberno e representación das cámaras de conformidade co artigo 10 da Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación. Acredítase a existencia do acordo adoptado na sesión do 21.10.2021 mediante certificación asinada pola secretaria xeral da Cámara, co visto e praxe do presidente.
- Na solicitude de asesoramento concrétese o obxecto da consulta e expónse o parecer da Cámara sobre a cuestión consultada. Acompáñase dun informe da Avogacía Xeral do Estado sobre o réxime de contratación da Cámara de Comercio de España.
- A consulta ten un obxecto preciso e o asunto sobre o que versa non foi obxecto dunha consulta anterior.

1.5. En cumprimento do artigo 68.3 do Regulamento de Réxime Interior, o Conselleiro Maior elevou a solicitude de asesoramento ao Pleno do Consello de Contas que acordou a súa admisión na sesión do 21.02.2022.

1.6. Na mesma sesión determinouse que dirixa o asesoramento o Conselleiro da Área de Institucional que contou con persoal da súa área para a elaboración da proposta de ditame e coa colaboración da Letrada Maior do Consello de Contas no asesoramento xurídico das cuestións sometidas á consulta.

2. NORMATIVA APLICABLE

Para a resolución da consulta tívose en conta a seguinte normativa:

2.1 Normativa reguladora do Consello de Contas de Galicia.

- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto (DOG núm.164, do 28 de agosto).
- Resolución do 27 de febreiro de 2017, pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia (DOG núm. 46, do 7 de marzo).
- Instrución relativa á remisión telemática dos convenios formalizados polas entidades do sector público de Galicia e da relación anual daqueles aprobada mediante Acordo do Pleno do Consello de Contas do 30 de marzo de 2021 (DOG núm. 74, do 21 de abril).
- Instrución relativa á remisión telemática dos contratos formalizados polas entidades do sector público de Galicia e da relación anual daqueles aprobada mediante Acordo do Pleno do Consello de Contas do 30 de marzo de 2021 (DOG núm. 74, do 21 de abril) .

2.2 Normativa sectorial aplicable en materia de Cámaras de Comercio, Industria, Servizos e Navegación.

2.2.1. Normativa estatal

- Lei 4/2014, do 1 de abril, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación (BOE núm. 80, do 2 de abril)

2.2.2. Normativa autonómica

- Lei 5/2004, do 8 de xullo, de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia (DOG núm. 140, do 21 de xullo).

2.3. Normativa sectorial aplicable en materia de contratación e réxime xurídico do sector público.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) (BOE núm. 272, do 9 de novembro)



- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante Lei 40/2015) (BOE núm. 236, do 2 de outubro)

3. CONSIDERACIÓNS SOBRE A CONSULTA FORMULADA POLA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.1. O Pleno do Consello de Contas de Galicia, mediante acordo do 30 de marzo de 2021, aprobou dúas instrucións relativas á remisión telemática ao Consello de Contas de Galicia dos contratos e convenios formalizados polas entidades do sector público de Galicia e da relación anual daqueles.

As ditas instrucións teñen por obxecto regular e concretar a información e documentación que se debe remitir ao Consello de Contas en cumprimento das obrigas de comunicación previstas na lexislación sectorial, en concreto na LCSP (artigo 335) e na lei 40/2015 (artigo 53), así como a forma de remisión.

Están incluídas no ámbito de aplicación das instrucións todas as entidades do sector público da Comunidade Autónoma incluídas no artigo 2.1 da Lei 6/1985, excepto as entidades locais que se regulan por unha instrución específica.

3.2. Con data 14.05.2021 remitiuse ás Cámaras de Comercio unha comunicación suscrita polo Conselleiro Maior na que se informaba sobre a aprobación e publicación das novas instrucións. A recepción da dita comunicación suscitou na Cámara de Comercio de Santiago as dúbidas que expón a través da consulta formulada que se concretan nas seguintes:

- A Cámara de Comercio de Santiago, con apoio no informe da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado 3/18 (R-455/2018), entende que a Cámara non ten a condición de poder adxudicador e polo tanto que non lle resulta aplicable a obrigabilidade de remisión dos contratos e convenios que formalicen.
- Subsidiariamente, no caso de que se entendese que a remisión resulta obrigatoria, formulan as seguintes cuestións:
 - No que respecta aos convenios, se deben comunicarse soamente os que contén con financiamento público e se deben xuntar o documento íntegro do convenio ou simplemente unha relación deles.

- No que atinxe aos contratos solicitan aclaración respecto da información que terían que facilitar con indicación de se resultaría suficiente remitir o enlace ao perfil do contratante da Cámara.

3.3. Opinión sobre o deber de remisión dos contratos e convenios

3.3.1 As Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación son corporacións de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que se configuran como órganos consultivos e de colaboración coas Administracións Públicas, sen menoscabo dos intereses privados que perseguen (artigo 2 da Lei básica e da lei galega de Cámaras).

O artigo 2.1 d) da lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia establece que, para os efectos desta lei, compoñen o sector público da Comunidade Autónoma as corporacións ás que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia no que se cita expresamente ás Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.

3.3.2. A lexislación sectorial na que se fundamenta o deber de remisión de contratos e convenios, ou ben non inclúe as corporacións de dereito público no seu ámbito de aplicación, como sucede coa Lei 40/2015, ou ben alcanza ás corporacións de dereito público en determinadas condicións, como é o caso da Lei de contratos do sector público que prevé que quedarán suxeitas á dita Lei cando cumpran os requisitos para ser poder adxudicador (artigo 3.5).

3.3.3. A Cámara de Santiago defende que non lle resulta aplicable a obriga de remisión prevista nas instrucións aprobadas polo Consello de Contas de Galicia porque non teñen a condición de poder adxudicador, apoiándose no informe da Avogacía Xeral do Estado anteriormente mencionado.

En opinión deste órgano, a resposta da consulta formulada non se debe centrar en determinar se a Cámara ten ou non a condición de poder adxudicador porque a obriga de comunicación atopa o seu fundamento noutros preceptos que habilitan a esta Institución para requirir información sobre determinados contratos ou convenios formalizados.

Neste sentido, tal como se indica nas instrucións sobre remisión telemática ao Consello de Contas dos contratos e convenios, a aprobación das referidas instrucións efectuase ao abeiro do artigo 23 da Lei 6/1985 que regula o deber de colaboración nos seguintes termos:

Todas as entidades e persoas ás que se refire o artigo 2 colaborarán co Consello de Contas no exercicio das funcións deste, estando obrigadas a subministrarlle cantos datos, estados, documentos, antecedentes ou informes lles solicite.

Entre as funcións do Consello de Contas o artigo 4.1. c) da mesma Lei contempla a de *fiscalizar os contratos celebrados pola Administración autonómica e das entidades previstas no punto 1 do artigo 2 nos casos en que se estableza así ou en que o Consello de Contas o considere conveniente.*

Por outra banda, a propia normativa reguladora das Cámaras, tanto estatal como galega, habilita a esta Institución para fiscalizar o destino dos fondos públicos que perciban.

Neste sentido, a Lei 4/2014, do 1 de abril, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación, no seu artigo 35 establece o seguinte :

Corresponderá ao Tribunal de Cuentas a fiscalización do destino dos fondos públicos que perciban a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación, sen prexuízo da competencia dos organismos fiscalizadores que, no seu caso, existan nas Comunidades Autónomas.

A lexislación autonómica, no artigo 47.6 da lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia dispón:

Ao abeiro do previsto no artigo 23.2 da Lei 3/1993 (lei derogada pola Lei 4/2014), a fiscalización superior do destino dado as cantidades percibidas polas cámaras e polo Consello Galego de Cámaras procedentes dos rendementos do recurso cameral permanente así como da elevación das súas alícuotas corresponderá, nos termos previstos na súa normativa reguladora, ao Consello de Contas de Galicia

Tras a supresión do recurso cameral permanente e a derogación da Lei estatal 3/1993, do 22, de marzo, a remisión da norma autonómica debe entenderse referida ao artigo 35.1 da actual Lei 4/2014 e, polo tanto, a habilitación para a fiscalización por esta Institución alcanza ao destino dos fondos públicos percibidos polas Cámaras.

Á vista dos preceptos expostos e no que atinxe á cuestión consultada pola Cámara, perde relevancia se esta ostenta ou non a condición de poder adxudicador¹. Aos efectos do exercicio das funcións de control por parte desta Institución, interesa a información sobre os contratos e convenios que se formalicen no exercicio das funcións de carácter público-administrativo así coma aqueles que se financien con fondos públicos con independencia de que se formalicen para o desenvolvemento de actuacións de natureza pública ou privada.

Polo tanto, a inclusión das Cámaras de Comercio no ámbito subxectivo da actuación do Consello de Contas determina que lle resulten aplicables as dúas instrucións relativas á remisión telemática dos convenios e contratos, aprobadas mediante acordo do Pleno do Consello de Contas do 30.03.2021, e deben comunicar ao Consello de Contas os contratos e convenios que formalicen no exercicio das funcións administrativas así como aqueles que estean financiados con fondos públicos.

3.2. Que convenios se deben comunicar e que documentación deben remitir

Como se sinalou no apartado anterior, a Cámara deberá comunicar os convenios formalizados no exercicio das funcións administrativas así como os que contén con financiamento público.

A documentación que se debe remitir concretouse mediante o Acordo do Pleno polo que se aproba a Instrución relativa á remisión telemática dos convenios formalizados polas entidades do sector público de Galicia e da relación anual daqueles que se fixo pública mediante Resolución do 12.04.2021 publicada no Diario Oficial de Galicia núm.74, do 21 de abril.

A dita instrución diferencia, en función da contía dos convenios, a documentación que se ten que remitir ao longo do exercicio e aquela que deben remitir unha vez concluído o exercicio correspondente.

3.2.1 Documentación que teñen que remitir ao longo do exercicio (apartado III.1 da Instrución)

¹ Non se analiza a condición de poder adxudicador porque non se trata dunha cuestión doutrinalmente pacífica e a dita condición pode variar dun ano a outro en función da concorrencia ou non de determinados requisitos. Neste sentido, a xurisprudencia comunitaria acuñou o concepto dinámico de poder adxudicador referido á posibilidade de que determinados organismos ou entidades adquiran ou non a condición de poder adxudicador, en función da súa fonte de financiamento no exercicio orzamentario. Como afirma a propia Cámara no seu escrito, as vías de financiamento poden variar dun ano a outro dependendo dos convenios/programas que podan subscribir en cada anualidade.

Convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.

Dentro dos tres meses seguintes á súa subscrición a Cámara deberá remitir copia do documento de formalización do convenio xunto coa correspondente memoria xustificativa. No apartado III.1 B) da referida Instrución indícase como se debe proceder para comunicar as incidencias posteriores á formalización (modificacións, prórrogas, variación de prazos...)

3.2.2 Documentación que deben remitir unha vez concluído o exercicio correspondente (apartado III.2 da Instrución)

Remitirán anualmente, antes do 1 de marzo do exercicio seguinte a que se refiren, unha relación de todos os convenios formalizados no exercicio anterior, independentemente do seu importe.

A relación anual deberá incluír a información que figura no anexo I:

- a) Ano de formalización do convenio
- b) Número de expediente/clave do convenio
- c) Suxeitos que o subscriben.
- d) Obxecto do convenio
- e) Compromisos económicos asumidos polas entidades que participan.
- f) Prazo de vixencia

3.3. Que contratos se deben comunicar e forma de comunicación

3.3.1 A Cámara deberá comunicar os contratos formalizados no exercicio de funcións administrativas así como os que contén con financiamento público.

3.3.2. Tendo en conta que a información contractual das Cámaras non se inclúe no Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico de Galicia, de acordo co apartado II da Instrución relativa á remisión telemática dos contratos formalizados polas entidades do sector público de Galicia deberán remitir ao Consello de Contas a seguinte documentación:

- Ao longo do exercicio, dentro dos 3 meses seguintes á formalización, deberase remitir a copia do documento de formalización do contrato e demais datos e documentos previstos no Anexo I da Instrución sempre que o prezo de adjudicación supere as seguintes contías: 600.000 euros (obras, concesións de obras, concesións de servizos e acordos marco), 450.000 (subministracións) e 150.000 euros (servizos ou administrativos especiais). Esta obriga

esténdese as incidencias que se poda producir dende a formalización (modificacións, prórrogas,...).

- Unha vez concluído o exercicio correspondente, antes do 1 de marzo do exercicio seguinte, deberase remitir unha relación anual dos contratos que recolla os datos que se especifican no anexo II da Instrución.

3.3.3. A devandita Instrución non contempla a posibilidade de comunicar os contratos remitindo o enlace ao perfil de contratante, polo que non se entendería cumprida a obriga de comunicación con esa remisión. Cuestión distinta é que se os documentos que teñen que remitir están publicados no perfil de contratante pode entenderse enviada a documentación se achegan un enlace coa URL concreta onde se atopa publicada a información, pero non un acceso xeral ao perfil de contratante.

4. CONCLUSIONES

4.1. A inclusión das Cámaras de Comercio no ámbito subxectivo da actuación do Consello de Contas determina que lle resulten aplicables as dúas instrucións relativas á remisión telemática dos convenios e contratos, aprobadas mediante acordo do Pleno do Consello de Contas do 30.03.2021, e deben comunicar ao Consello de Contas os contratos e convenios que formalicen no exercicio das funcións de carácter público-administrativo así como aqueles que estean financiados con fondos públicos.

4.2. Cando se trate de convenios con compromisos económicos superiores aos 600.000 euros, a Cámara deberá remitir a copia do documento de formalización do convenio xunto coa correspondente memoria xustificativa. No caso dos restantes convenios, unha vez concluído o exercicio, deberán remitir unha relación dos convenios formalizados no exercicio anterior que inclúa a información que figura no Anexo I da Instrución relativa á remisión telemática dos convenios formalizados polas entidades do sector público de Galicia e da relación anual daqueles.

4.3. Cando se trate de contratos que superen as contías expresadas no apartado 3.3.2, dentro dos 3 meses seguintes á formalización, deberán remitir a copia do documento de formalización e os demais datos e documentos previstos no Anexo I da Instrución relativa á remisión telemática dos contratos formalizados polas entidades do sector público de Galicia.

Unha vez concluído o exercicio correspondente, antes do 1 de marzo do exercicio seguinte, deberase remitir unha relación anual dos contratos que recolla os datos que se especifican no anexo II da dita Instrución.

4.4. A comunicación da información contractual non se entenderá cumprida coa remisión dun enlace xeral ao perfil do contratante da Cámara. Porén, se os documentos que se teñen que enviar están publicados (por exemplo, os previstos no anexo I da instrución) entenderíanse achegados coa indicación da URL concreta onde se atopan publicados.”

E para que conste, expido a presente certificación co visto e prace do conselleiro maior en Santiago de Compostela á data da sinatura electrónica.

V e pr

O conselleiro maior

José A. Redondo López

